


# SUITE SILVESTRE

*-Seis momentos do día-*

**Andrés Fernández Rodríguez**

*Adicada a Ángel Montes,  
e ás Fragas do Eume*

DURACIÓN: 13 MINUTOS



Obra por encargo da Excma. Diputación de Pontevedra  
Para a XII edición do Certame Provincial de Bandas, sección 3ª  
ANO 2012




2012 Andrés Fernández Rodríguez

# SEIS MOMENTOS DO DÍA

## -GUÍA DE EXECUCIÓN-

PLANTILLA		
MADEIRAS	METALES	PERCUSIÓN
FRAUTÍN ( <i>Frtn.</i> ) FRAUTA 1-2 ( <i>Fr. 1-2</i> ) ÓBOE ( <i>Ób.</i> ) FAGOT ( <i>Fgt.</i> ) CLARINETE $S\flat$ 1-2-3 ( <i>Cl.S\flat</i> ) CLARINETE BAIXO ( <i>Cl. B.</i> ) SAXO ALTO 1-2 ( <i>Sx. A.</i> ) SAXO TENOR ( <i>Sx. T.</i> ) SAXO BARÍTONO ( <i>Sx. B.</i> )	TROMPETA $S\flat$ 1-2-3 ( <i>Tpt. S\flat</i> ) TROMPA FA 1-2 ( <i>Tpa. Fa</i> ) TROMBÓN 1-2-3 ( <i>Tbn.</i> ) BOMBARDINO ( <i>Bomb.</i> ) TUBA ( <i>Tuba</i> )	3 TIMBALES ( <i>Timb.</i> ) PERCUSIÓN 1-2-3 ( <i>Perc.</i> )

### ESQUEMA ESPACIAL DA PERCUSIÓN (optimizado para catro intérpretes):



## REPARTO DA PERCUSIÓN EN BASE AO ESQUEMA DADO:

### Timbales:

- Cr:** crócalos (non afinados)\* // *facer entrechocar limpamente sen tapar a resonancia*
- Pll:** platillos\*
- T:** 3 timbales (registro FA1 a RE2)

### Percusión 1:

- **Ct:** campanas tubulares (registro DO3 a FA4, sendo DO3 o do central)
- **C:** cortina de metal
- **Cx:** caixa clara
- **Tr:** triángulo\*
- **P:** pandeireta con parche\* // *tocar coas mans, nos trémolos sacudir ou raspar co dedo*
- **To:** tom-tom grande\*
- **S:** prato suspendido (crash)\*

### Percusión 2:

- **Tr:** triángulo\*
- **P:** pandeireta con parche\* // *tocar coas mans, nos trémolos sacudir ou raspar co dedo*
- **To:** tom-tom grande\*
- **S:** prato suspendido (crash)\*
- **Lm:** lámina de metal // *simula unha tormenta lonxana*
- **Gk:** glockenspiel (registro escrito SOL2 a DO5) // *baquetas e arco*
- **Px:** asubío de paxaro // *de non ser posible a execución por Perc. 2, posible por Trombón 1*
- **Tb:** unha parella de temple blocks // *de distinta altura, pero non necesariamente afinados*
- **Cr:** crócalos (non afinados)\* // *facer entrechocar limpamente sen tapar a resonancia*
- **Pll:** platillos\*

### Percusión 3:




















- **Ch:** pao de chuvia // *facer sonar o máis uniformemente posible*
- **Cl:** claves
- **Tr:** triángulo
- **Ta:** tam-tam grande
- **B:** bombo (gran cassa)

☪ Os instrumentos sinalados cun asterisco (\*) son compartidos entre músicos contiguos

☪ Por motivos prácticos son necesarios 2 triángulos

☪ Nas pasaxes de arco pódense utilizar crócalos afinados como alternativa ao Glockenspiel

## LENDAS:

-  = Baquetas metálicas ou moi duras // *glockenspiel*
-  = Baquetas duras // *wood blocks*
-  = Baquetas medias // *tom-tom grande*
-  = Baquetas brandas // *prato suspendido*
-  = Baquetas de timbales (dureza media ou branda) // *timbales*
-  = Baquetas de caixa // *caixa clara*
-  = Vara de triángulo // *triángulos*
-  = Maza de madeira ou similar // *campanas tubulares*
-  = Maza branda e pesada (recomendable ter dúas para os redobles) // *bombo e tam-tam*
- \* = Secar totalmente a resonancia
-  = Fin da indicación SOLO ou UN POR VOZ. Non implica fin da frase.
- (3"-5") = duración aproximada do calderón en segundos (incluíndo valor ó que afecta)
- →F,B♭,C = afinación dos timbales
-  = Deixar resonar indefinidamente
  
-  = Golpe tapado
  
-  = Frotar cun arco durante o valor indicado
  
-  = Cortinas de metal: pasar o dedo entre as zonas sinaladas (arriba=agudo, abaixo=grave) durante o valor da primeira nota, e deixar sonar na duración restante
  
-  = Lámina de metal, pao de chuvia, asubío de paxaro: manter sonando durante a duración indicada
  
-  = Son legato e apoiado pero nunca ataque brando. No 1º e 3º movementos estas articulacións indican as liñas principais
  
-  = Legato e apoiado pero un pouco máis corto
  
-  = Acentuar mantendo a sonoridade (sen acampanar)
  
-  = Regulador dende cero ou viceversa

## CONTIDO:

A Suite Silvestre é unha obra de pintura musical que trata de reflexar seis momentos do día nun bosque antigo, mesturando imaxes con situacións idílicas. Dadas as súas características, os seis movementos pódense agrupar en tres grupos de 2+2+2 (que reflexarían o mencer, mediodía e solpor) ou en dous grupos de 3+3 (reflexando a mañá e a tarde) nunca especie de hemiolia estrutural.

Isto se ve, por unha parte, en que os tres últimos movementos teñen máis masa sonora que os tres primeiros (como se a tarde tivera máis calor, máis vida que a mañá) e por outra en que están unidos de dous en dous, reflexando procesos contínuos (da claridade ós primeiros raios de sol, da sesta ó despertar, das primeiras sombras ao ocaso, a separación é máis conceptual que real).

Dentro da unidade, cada un dos movementos debe conservar a súa propia personalidade:

**1.Brétema na fraga. *Tenue:*** Máis noite que día, a pouca claridade existente permite que a brétema estableza un xogo de luces e sombras. Débese tocar tenue pero preciso. A música componse de ataques e resonancias (como se as liñas principais, indicadas con raias, se tocaran ao piano co pedal de resonancia pisado). Todo durme.

**2.Primeiros raios de sol. *Intenso:*** A luz da mañá disipa a brétema e xera unha visión moi clara e perfilada da fraga. Este movemento podería ser un paseo matinal ou unha mañá de traballo. Concisión rítmica, armónica e tímbrica. Bloques sólidos e grandes contrastes internos (así como contraste co 1º movemento, ao que está unido). A indicación “intenso” é de carácter.

-----  
**3.Sesta á sombra dun amieiro. *Somnolento:*** Unha sesta á beira dun río, comeza ben pero vaise truncando: o sol pega e os bechos estorban, ata que o entresoño da paso a un despertar molesto. Está organizado como o primeiro movemento: unha melodía-guía e as súas resonancias, que rematan saturando o espazo sonoro. O contraste entre melodía e resonancia é, de tódolos xeitos, maior e se busca empastar e diluír senon reflexar unha cómoda incomodidade.

**4.Tarde no río. *Fresco:*** A confusión do despertar disípase de todo cun baño no río, e unha tarde de xogos e natureza. Fresco e diáfano, sen pretensións, contrasta co 3º movemento, pero non é sólido como o 2º (inda que sí debe ser preciso).

-----  
**5.Primeiras sombras. *Contemplativo:*** A tarde vai morrendo, e as sombras que nacen (representadas por instrumentos solistas) van medrando e abríndose paso ata rematar cubríndoo todo: por isto componse de diferentes frases cada vez máis longas e orquestradas. O contraste perfilado entre luz e sombra do 2º movemento é agora moito máis borroso, e hai máis oscuridade en xeral. O que se traduce nun tempo máis libre á branca, uns cores máis apagados e uns deseños melódicos máis desdibuxados.

**6.Solpor. *Épico:*** O proceso iniciado no 5º movemento culmina cun tutti case contínuo, cheo de claroscuros. A nivel poético poderíase considerar como a últimagran sombra que, executada pola banda enteira, anuncia a fin do día no momento en que o sol desaparece no horizonte con toda a súa grandeza. A nivel interpretativo preténdese sacar a máxima sonoridade da banda sen perder equilibrio nin precisión no son e entre os distintos elementos melódicos e rítmicos.